

**CONCLUSIÓNS do equipo
autor deste informe**

Primeira. O PIB de Galicia subiu en 2015, segundo o INE, un 3,2%, ao igual que a media estatal e ao redor do dobre que na UE (1,8%) e na UEM (1,5%).

Por ramas de actividade produtiva, o mellor comportamento en 2015 produciuse en Galicia na construción (3,8%) e os servizos (2,3%), nun ano no que foi positivo en todas as ramas.

O PIB por habitante de Galicia quedou en 2015 en 20.431 euros, un 12,3% por baixo da media estatal (23.290 euros).

Segunda. O IPC baixou un 0,2% en Galicia en 2015, ano no que en España houbo unha estabilización dos prezos. En Galicia diminuíu o IPC en dous grupos de gasto: vivenda (-3,2%) e transporte (-2,8%) e subiu especialmente en alimentos-bebidas non alcohólicas (1,4%).

Terceira. A crise económica ocasionou unha notable suba da desigualdade, sen que as medidas tomadas serviran para minorar os efectos. Un 19,4% da poboación de Galicia está por baixo do limiar da taxa de pobreza (22,1% na media estatal).

Cuarta. De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, ao inicio de 2015 increméntase o número de empresas nas catro provincias galegas, a diferenza dos seis anos anteriores, nos que experimentaron diminucións interanuais continuas. O aumento prodúcese en similar medida no conxunto estatal. As empresas galegas medran ao inicio de 2015 en 3.850 -cun incremento do 2%, con respecto ao ano anterior-, que representan o 6,13 % do total estatal, a mesma porcentaxe do ano anterior, das que ao redor da metade non teñen asalariados

Quinta. Galicia rexistrou en 2015 unha suba do emprego neto de 32.100 persoas, un 3,2%, lixeiramente por riba da media estatal (3%).

A taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos en Galicia subiu en 2015 en 2,4 puntos porcentuais (medio punto máis que na media española) e quedou nun 59,7%, dúas décimas por riba da media estatal, pero ambas as dúas moi por baixo da Eurozona (64,9%) e da UE (66,1%).

Sexta. O número total de cooperativas inscritas na Seguridade Social en Galicia a finais de cada ano rexistrou un leve incremento de apenas o dous por cento nos últimos tres anos, se ben o número de persoas traballadoras empregadas nas mesmas aínda non recuperou en 2015 o nivel de 2013, a pesares do incremento constatado respecto de 2014. En sentido inverso, o número de sociedades laborais inscritas en Galicia diminuíu nos tres últimos anos. O número das súas persoas traballadoras seguiu nos últimos tres anos a mesma tendencia que o das persoas empregadas nas cooperativas

Sétima. A poboación desempregada baixou en 2015 en Galicia (en 41.100 persoas); porcentualmente a caída foi dun 15,6% (dun 12,4% no conxunto do Estado). Non toda a redución do desemprego (41.100) traducíuse en creación de emprego (32.100) o que indica que Galicia perdeu poboación activa.

A taxa de desemprego de Galicia baixou 3,1 puntos en 2015, ata quedar nun 17,9%, mentres que a española baixou tres décimas menos. Segue sendo menor en Galicia que na media estatal (21%) e abriuse o diferencial en tres décimas respecto do ano anterior.

Oitava. Os datos do paro rexistrado reflicten un descenso do 9,3%, redución que foi dun 8,1% no conxunto do Estado.

A taxa de paro rexistrado alcanzou o 18,1% en 2015, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, no que chegou ao 20,3%, fronte ao 16,3% do colectivo masculino.

Por sectores de actividade, é no sector servizos onde máis demandantes de emprego se concentran, superando á suma de agricultura e pesca, industria, construción e sen emprego anterior.

Novena. Na contratación mantense unha maior representación dos homes (52,8%) fronte ás mulleres (47,2%), unida a un maior predominio entre estas últimas dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (en 2015, o eventual por circunstancias da produción a tempo parcial superou ao de xornada completa) e a un menor concerto de contratos indefinidos.

Hai que destacar que seguen a existir modalidades contractuais eminentemente femininas, como a de interinidade (71%); o contrato para a formación e o de prácticas volven a superar aos concertados con homes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen unha maioría feminina.

Décima. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 22,5% inferior ao do home, e o 36% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 86% das prestacións recibidas polos homes. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 73,5% das pensións do grupo de homes.

Décimo primeira. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 80% dos casos. Porcentaxes similares se dan nas excedencias por coidado de fillo/a (92,6% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de fillos e fillas e adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 95% son mulleres.

Decimo segunda. No ano 2015 se produce un incremento das contratacións, que alcanzaron os 786.408 contratos. Do total de contratos rexistrados, o 92,6% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só o 7,4% o foron de xeito indefinido, incluídas as transformacións de temporais en indefinidos.

A modalidade contractual máis utilizada segue a ser o contrato eventual por circunstancias da produción (43% dos contratos iniciais). En segundo lugar sitúase o contrato de obra ou servizo determinado (35,6% dos contratos iniciais).

Tendo en conta a xornada, o máis significativo foi o aumento da xornada a tempo parcial, alcanzando o 36,5% en 2015.

A temporalidade no sector privado alcanzou o 25,6% no colectivo masculino e o 28,4% no feminino. No sector público situouse nun 15,5% e 24,7% segundo sexan homes ou

mulleres. A rotación dos asalariados galegos foi de 4,41 contratos eventuais por cada traballador e a rotación das asalariadas galegas alcanzou os 3,49 contratos.

Décimo terceira. Con datos da Seguridade Social, no ano 2015 incrementase globalmente a cifra de empresas inscritas (81.054), e pódese observar que é superior o número de autónomos sen persoal asalariado (115.185), a pesares de que diminúen este ano. Destaca a ocupación elevada de persoas traballadoras en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas (556.466 nun total de 623.717).

O número de empresas de traballo temporal increméntase, e tamén o fai o número de contratos de posta a disposición efectuados por estas.

Décimo cuarta. Continúa en 2015, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o incremento interanual do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, iniciado en 2014, que troca a tendencia a diminución anual dos anos anteriores. Na Comunidade Autónoma galega o número de persoas afiliadas increméntase a finais do ano 2015 en 24.322 cotizantes, con respecto á media anual de 2014. As 946.100 persoas afiliadas en alta en decembro de 2015, lonxe das 1.072.500 rexistradas en 2008) representan o 5,47% do total dos afiliados do Estado.

Decimo quinta. A relación activos/pasivos no sistema da Seguridade Social incrementa a porcentaxe en favor dos cotizantes en 2015 con respecto ao ano anterior. Aumentan en maior proporción as persoas afiliadas que as persoas perceptoras de prestacións ao representar en Galicia 1,26 cotizantes por pensionista (dúas centésimas máis que en 2014), por baixo 1,86 do conxunto do Estado (seis centésimas máis que en 2014).

Décimo sexta. Á fin de 2015, en computo anual, increméntanse en maior proporción as afiliacións á Seguridade Social do colectivo dos varóns que das mulleres. Estas en número de 450.935 pasan a representar en decembro do citado ano o 48,44% do total de persoas afiliadas/cotizantes en Galicia.

Décimo sétima. A lei 30/2015, de 9 de setembro, provocou un profundo cambio no sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, que afectou

particularmente aos seus mecanismos de xestión, ao deixar de participar os axentes sociais na xestión dos fondos e na impartición da formación. Neste ano de transición, e polo que respecta á formación de demanda, tanto no conxunto do Estado como en Galicia diminuíu o número de empresas formadoras, a ratio de cobertura de empresas, o crédito asignado para accións formativas, o crédito disposto respecto do asignado, a bonificación aplicada na Seguridade Social, o número de horas de formación impartidas e a duración media das accións formativas. Pola contra, todo iso foi compatible, de novo tanto no conxunto do Estado como en Galicia, cun incremento do número de participantes

Décimo oitava. Por segundo ano consecutivo, no 2015 en Galicia, o mesmo que en case toda España, incrementouse o total de accidentes en xornada de traballo ata os 25.349, se ben manifestouse unha lixeira diminución nos accidentes mortais. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, o sector servizos e o sector industrial, nas súas diversas modalidades, son con grande diferenza os sectores que, en xeral, máis sinistralidade rexistran.

Décimo novena. No que se refire ao índice de incidencia, Galicia está por baixo do índice estatal no total de accidentes, tendo once comunidades un maior índice de incidencia. Porén, se nos fixamos no índice de incidencia de accidentes mortais, Galicia ocupa o primeiro lugar das Comunidades, cun índice que está case catro puntos por riba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia, observase unha diminución en relación co ano anterior.

Vixésima. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2015, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 916, dos cales 122 son de sector e 794 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 21 novos convenios (todos de empresa), nove na Coruña, un en Lugo, tres en Ourense, cinco en Pontevedra e tres de ámbito autonómico.

Vixésimo primeira. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2015 foi do 0,82%. Esta media é superior ao IPC galego deste ano que foi do -0,2% e ao estatal que foi do 0,0%.

Só o 13,40% dos convenios asinados, e o 20% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial. O 73,20% dos convenios asinados este ano recollen pactos de ultraactividade. Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 70% e nos de empresa do 73,56%.

En materia de xornada, a media pactada no ano 2015 foi de 1750,88 horas, sendo máis reducida nos convenios de empresa (1730,63 horas) fronte aos de sector (1752,35 horas). Son 68 convenios colectivos (o 70,10% dos asinados este ano) os que indican unha xornada inferior á máxima legal (7 de sector e 61 de empresa).

Vixésimo segunda. Rexistráronse en 2015 en Galicia 104 inaplicacións de convenio (194 en 2014, 180 en 2013 e 61 en 2012) que afectan a 1.921 persoas traballadoras, das que 1.195 son homes e 726 mulleres.

Respecto das condicións de traballo que se inaplican, no 97,12% refírense á contía salarial, sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (88,46%).

No 74,04% das inaplicacións rexistradas, ao non existir representación legal das persoas traballadoras, a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). O 87,5% das empresas que inaplicaron convenios colectivos en 2015 teñen menos de 31 persoas traballadoras.

Vixésimo terceira. Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a conflitividade laboral diminuíu por segundo ano consecutivo, dato que se aprecia no descenso do número de folgas, participantes e xornadas non traballadas.

En Galicia, os asuntos resoltos polos xulgados do Social descenderon en 2015 un 4,2 por cento, baixada que foi do 78,1 por cento nos conflitos colectivos e do 6,54 por cento nos conflitos individuais, o que foi compatible cun incremento das accións xudiciais de Seguridade Social, que aumentaron un 2,9 por cento. Os despedimentos diminuíron un 20,4 por cento, descenso que foi máis acusado na provincia de A Coruña, cun 22,6 por cento. O 66,2 por cento das cantidades acordadas no total dos conflitos individuais en Galicia foi fixado mediante sentenza, fronte ao 33,8 por cento restante, pactado en conciliación

Vixésimo cuarta. En expedientes de regulación de emprego, diminúen neste ano en Galicia tanto o número de expedientes como o de persoas traballadoras afectadas, cunha redución do 47%. Este feito prodúcese en todas as Comunidades Autónomas agás Aragón e Estremadura, tanto en despedimentos colectivos, como en suspensión de contratos e redución de xornada.

Vixésimo quinta. O número de persoas perceptoras en Galicia das prestacións económicas de desemprego sitúase en media anual do 2015 en 114.568, cunha diminución do 17,64% con respecto ao ano anterior, e supón o 5,11% do total estatal. Máis da metade dos perceptores da Comunidade Autónoma (57,73%) o son dunha prestación asistencial (subsidio o renda activa de inserción)

n: As 926.959 persoas beneficiarias do conxunto de prestacións sociais en Galicia supoñen o 33,93% do total da poboación, porcentaxe que é 7,77 puntos máis elevada que o correspondente ao total do Estado. O importe mensual destas prestacións, preto de 688,8 millóns de euros en xaneiro de 2016, representa en Galicia unha contía de 252,08 euros por habitante.

Vixésimo sétima. Se analizamos os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos e tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2015 segundo a data de rexistro das actas, pódese ver que a central sindical UGT-Galicia, cun 28,37% do total, é a que obtivo maior número de representantes (4.102), seguida da CIG con 27,19% e de SN de CC.OO de Galicia cun 25,70%, respectivamente (3.932 e 3.717 representantes), o resto dos sindicatos e grupos de traballadores acadan un total de 2.710 representantes (18,74%).

